

## II PREMIO

# ROBERTO VIDAL BOLAÑO



Este certame nace pola necesidade de fomentar a escrita de textos teatrais dirixidos ao alumnado de ESO e Bacharelato. Por iso, o Concello do Porriño, o IES Ribeira do Louro e a **Editorial Galaxia**, convocan este certame coa finalidade de crear un fondo de textos teatrais susceptibles de ser representados por alumnado do ensino secundario.

### BASES:

Poderán concorrer ao Premio todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos teatrais inéditos e non premiados noutras certames, que estean escritos en lingua galega.

As OBRAS serán de temática e extensión libre, se ben hai que ter en conta que van ser interpretadas por alumnos e alumnas de entre 12 e 18 anos.

Cada autor poderá presentar máis dunha obra.

O PREMIO constará de 2.000 euros, suxeitos ás retencións fiscais correspondentes e que computarán en concepto de adianto de dereitos de autoría, un diploma acreditativo e a edición e publicación da obra gañadora a cargo da **EDITORIAL GALAXIA**. A tal efecto a editorial asinará co gañador ou gañadora o correspondente contrato da edición.

O premio poderá quedar deserto se a calidade das obras presentadas non é a axeitada segundo o criterio do xurado.

O PRAZO de presentación de orixinais comeza o remata o 1 de abril de 2019.

O ENVÍO das obras farase a través de correo electrónico **riberiadolouroies@gmail.com**, especificando no asunto do envío "**Premio Roberto Vidal Bolaño**". Enviaranse dous arquivos: un coa obra (con título e lema) e outro coa plica (no que constará o nome e apelidos do autor, lema, título e breve sinopse da obra, teléfono e email).

O XURADO estará conformado polo EDL do IES Ribeira do Louro, profesionais do teatro e un representante da Editorial Galaxia; e prestará especial atención á innovación dramatúrxica, as novas linguaxes contemporáneas e a singularidade temática das pezas.

A obra gañadora darase a coñecer no mes de xuño de 2019. Farase entrega do premio nun lugar que se convirá, a tal efecto, na última semana dese mes.

Se durante o tempo de presentación e deliberación a obra presentada recibise algún premio ou fose editada, o autor deberá comunicalo á organización do certame, xa que este feito será motivo de exclusión do presente concurso.

O feito de participar neste certame supón a aceptación total destas bases. O non previsto nelas será resolto pola organización.



Concello do Porriño



IES RIBEIRA DO LOURO